

posesión e seguidamente serán realizados os trámites para a súa alta en nómina.

Das dilixencias efectuadas serán remitidas copias á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Cuarto.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2006.

P.D. (Orde 18-8-2005)

Juan Hernández López

Secretario xeral e do Patrimonio  
da Consellería de Economía e Facenda

#### ANEXO

Apelidos e nome: Martín Hierro, M<sup>a</sup> del Perpetuo Socorro.

NRP: 3276550868 A207E.

Grupo: A.

Denominación do posto: xefe do Servizo Relacións co Consello de Contas.

Código do posto: EFC030000515770007.

Nivel: 28.

Centro directivo ou dependencia: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Localidade: Santiago de Compostela.

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 13 de xuño de 2006 pola que se modifica a do 12 de maio de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 25 de maio) pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron o procedemento selectivo convocado por Orde do 11 de outubro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 26 de outubro), para o acceso ao corpo de inspectores de Educación.*

Visto o recurso de alzada presentado por María del Carmen Ares Casal contra a baremación definitiva da fase de concurso do proceso selectivo ao corpo de inspectores de Educación, convocado por Orde do 11 de outubro de 2005, o 13 de xuño de

2006 ditouse resolución en que literalmente se resolve o seguinte: «Estimar o recurso de alzada presentado por María del Carmen Ares Casal contra a baremación definitiva da fase de concurso do proceso selectivo para o acceso ao corpo de inspectores de Educación, convocado por Orde do 11 de outubro de 2005, no sentido de que a María del Carmen Ares Casal lle corresponde unha puntuación parcial de 1,3 puntos no número 2.3 do baremo e unha puntuación total de 7,450 puntos na fase de concurso», polo que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Tendo presente a modificación do baremo definitivo da fase de concurso de María del Carmen Ares Casal, é necesario facer as seguintes rectificacións na Orde do 12 de maio de 2006, publicada no DOG nº 99, do 25 de maio de 2006:

-Na páxina 8.353, no anexo I da orde, no posto terceiro da lista de opositores que aprobaron, na materia de educación infantil, educación primaria, sobre a puntuación total de María del Carmen Ares Casal, onde di: «5.8366», debe dicir: «5.903».

-Na páxina 8.354, no anexo II da orde, no posto 10, onde di:

«NÚMERO DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNT. TOTAL
10	GARCÍA RODRÍGUEZ, MARÍA DEL CARMEN	33241137	5.8500
11	ARES CASAL, MARÍA DEL CARMEN	76492518	5.8366..

Debe dicir:

«NÚMERO DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNT. TOTAL
10	ARES CASAL, MARÍA DEL CARMEN	76492518	5.9030
11	GARCÍA RODRÍGUEZ, MARÍA DEL CARMEN	33241137	5.8500..

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 19 de xuño de 2006 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de directores e/ou directoras dos centros de formación e recursos.*

A Xunta de Galicia a través do Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, establece, no artigo 11, que os órganos competentes en formación permanente do profesorado son o Servizo de Formación do Profesorado e os centros de formación e recursos, sendo competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinar o seu perfil profesional, o procedemento para o acceso á función directora e o proceso de avaliación do exercicio desta.

Para poder levar a cabo as súas funcións os centros de formación e recursos contarán cun director ou directora, sendo competencia da Consellería de Edu-

cación e Ordenación Universitaria determinar o seu perfil profesional, o procedemento para o acceso á función directiva e o proceso de avaliación do exercicio desta.

Unha vez publicado o decreto anteriormente citado, cómpre proceder a realizar a oferta pública das prazas vacantes de director ou directora nos centros de formación e recursos.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería

### *DISPÓN:*

#### Artigo 1º.-Obxecto.

Convocar un concurso público para a provisión dos postos de dirección nos centros de formación e recursos da Comunidade Autónoma de Galicia que se citan no anexo I.

#### Artigo 2º.-Participantes e requisitos.

Poderán participar neste concurso os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, con destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Estarán en posesión do curso de perfeccionamento de lingua galega ou dunha certificación equivalente. Os profesores ou profesoras solicitantes deberán reunir, a data de 31 de agosto de 2006, os requisitos seguintes:

1. Encontrarse en situación de servizo activo nos centros educativos, ou servizos especiais, na Comunidade Autónoma de Galicia. Enténdense en situación de servizo activo na comunidade autónoma o 31 de agosto de 2006 aqueles docentes que desde un destino definitivo da comunidade autónoma accederon a un posto docente no estranxeiro e que deben reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

2. Contar cun mínimo de 5 anos de experiencia docente como funcionario de carreira. Para estes efectos computarase os servizos docentes recoñecidos de acordo coa Lei 70/1978.

#### Artigo 3º.-Solicitudes e documentación.

As persoas participantes no concurso deberán presentar a súa solicitude mediante instancia axustada ao modelo que se publica no anexo II desta convocatoria.

Deberán achegar, acompañando á solicitude, os seguintes documentos:

1. Acreditación dos méritos alegados que figuran no anexo III, así como unha relación numerada, dataada e asinada dos documentos presentados, seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta.

2. Proxecto de dirección para desenvolver no marco temporal de tres cursos académicos, cunha extensión

máxima de 25 páxinas, tamaño DIN-A4, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra de 12 puntos, que versará sobre os contidos establecidos nos seguintes puntos:

-A formación permanente do profesorado na Comunidade Autónoma de Galicia. Os centros de formación e recursos. Marco lexislativo.

-Plan de formación: diagnóstico e priorización de necesidades. Modalidades de formación. Propostas de actuacións e do seu seguimento.

-A función directiva: modelo de dirección. A formación da dirección.

-Plan de actuación: organización do centro de formación e recursos. Estratexias para dinamizar o traballo en equipo dos asesores e asesoras de formación. Formación do equipo asesor. Liñas prioritarias do plan de dirección.

-A avaliación do centro de formación e recursos e das súas actividades.

No caso de que se opte a máis dunha praza, o participante deberá indicar as prazas que se solicitan por orde de preferencia.

#### Artigo 4º.-Lugar e prazo de presentación.

1. A instancia e a documentación ás que se alude no artigo 3º desta convocatoria, poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos rexistros das delegacións provinciais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiranse á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa. No caso de presentarse a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que sexa dataada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

2. O prazo de presentación de instancias e documentos será de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os méritos achegados fóra do prazo de presentación das solicitudes non serán valorados.

#### Artigo 5º.-Comisión de selección.

1. Este concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

-Presidenta: a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

-Vogais: ata un máximo de catro vogais, con categoría de subdirector ou subdirectora xeral, xefe ou xefa de servizo ou membro da Inspección Educativa.

-Un funcionario ou funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas, que se limitarán a prestaren a súa colaboración. Ademais poderá asis-

tir á comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coïden pertinentes. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente poderá nomear unha persoa representante, con voz e sen voto, para a asistencia ás sesións da subcomisión.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme co Decreto 144/2001, do 7 de xuño, estando cualificadas na categoría primeira.

#### Artigo 6º.-Selección.

Para a selección das persoas candidatas, a comisión de selección terá en conta:

1. O proxecto de traballo como director ou directora, cunha extensión máxima de 25 páxinas, en folia de formato DIN-A4, a dobre espazo e tamaño de letra de 12 puntos. A comisión de selección poderá convocar, se o estima conveniente, as persoas solicitantes a unha entrevista que versará sobre o proxecto.

Aquelas persoas aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 6 puntos no proxecto e entrevista, se é o caso, non poderán ser propostas pola comisión para ocupar a praza á que optan.

2. Os méritos alegados, segundo as puntuacións obtidas por cada un dos aspirantes como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo III.

Para estes efectos, a comisión de selección publicará as listas de puntuacións provisionais nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais, así como na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es/>.

As persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que coïden convenientes contra a lista provisional, dirixidas á presidenta da comisión, no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no artigo 4º desta orde.

#### Artigo 7º.-Proposta de nomeamento.

1. Serán seleccionadas aquelas persoas aspirantes que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acaden as maiores puntuacións no total das epígrafes previstas no baremo establecido no anexo III para a praza que solicitan.

2. No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, resolveranse atendendo suce-

sivamente e por esta orde á maior puntuación nos puntos 6, 2.1, 2.2, 2.3 e 5.

3. Unha vez resoltas as reclamacións e admitidas as posibles renuncias, a comisión de selección remitiralle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva con expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se lle adjudicará a cada unha delas.

#### Artigo 8º.-Resolución da convocatoria.

1. A resolución da convocatoria será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes ás que afecte.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contados desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. As prazas adjudicadas son irrenunciabes, salvo casos de excepcional gravidade apreciados pola administración educativa. Os funcionarios e funcionarias docentes que resulten seleccionados por esta convocatoria quedarán adscritos aos postos adjudicados a partir da data que se indique na resolución definitiva e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva do posto de traballo de orixe, por un período de tres anos, ampliable a outros tres condicionado á superación dun proceso de avaliación do exercicio da súa actividade. No primeiro ano do nomeamento haberá un período de prácticas e a súa valoración positiva resolverá a continuidade no posto.

3. As prazas vacantes poderán ser cubertas en comisión de servizos ata a seguinte convocatoria pública. Poderán acceder a elas as persoas que obtivesen unha maior puntuación nesta convocatoria e sempre que acadasen un mínimo de 6 puntos no proxecto e entrevista, se é o caso. Se non houber candidatos, serán cubertas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 9º.-Período de formación.

Os directores e/ou directoras seleccionados desenvolverán un programa de formación ao longo do ano, que constará de fase teórica e fase práctica e que versará, entre outros, sobre os seguintes aspectos:

-Lexislación, normativa e funcionamento dos centros de formación e recursos.

-Desempeño da función directiva dentro dunha organización: toma de decisións, participación e traballo en equipo.

-Desenvolvemento de habilidades e destrezas. Promoción e cambio de actitudes. Papel do persoal directivo. Estilos de dirección.

-Estratexias de innovación e cambio na organización. Análise e avaliación da propia práctica e da conduta organizativa. A dirección dos centros como principio de organización.

-Técnicas de xestión de recursos. Os modelos de xestión nos diferentes países da Unión Europea.

-Os centros educativos e os centros de formación como centros de desenvolvemento curricular e centros de investigación educativa.

-Procesos de seguimento e avaliación interna.

-Sistemas de comunicación.

#### Artigo 10º.-Proceso de avaliación.

1. Transcorrido o período de prácticas procederase á avaliación correspondente para determinar a continuidade no posto.

Os directores e directoras presentarán un informe do exercicio da función directiva durante o período de prácticas, que deberá incluír unha valoración persoal da formación recibida.

A comisión de selección resolverá sobre o nomeamento para os dous anos previstos, para o que contará cos informes dos directores e directoras citados e cantos outros considere oportuno para efectuar a avaliación e proposta de renovación, de ser esta positiva.

O proceso deberá estar rematado antes da publicación de nova convocatoria para cubrir as prazas vacantes.

2. Ao final do período de tres anos en comisión de servizos, a comisión de selección efectuará unha avaliación do exercicio da función directiva por cada director ou directora. Para tal efecto, deberán presentar unha memoria do traballo realizado no período correspondente que deberá recoller:

-As características do contexto no que se desenvolveu as funcións propias da dirección.

-Unha análise do grao de consecución dos obxectivos do proxecto presentado e da súa coherencia coa xestión realizada.

-A descrición e valoración do labor realizado: planificación, organización e xestión do centro. Desenvolvemento dos plans anuais.

-Traballo coordinado no equipo asesor. Organización de equipos.

-Estratexias de innovación e cambio na organización.

-Análise e avaliación da propia práctica e da conduta organizativa.

A comisión de selección resolverá sobre o nomeamento para un novo período de tres anos, para o que contará coas memorias dos directores e directoras e con cantos outros considere oportunos para efectuar a avaliación e a proposta de renovación, de ser esta positiva.

Artigo 11º.-Devolución da documentación presentada.

Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva, as persoas interesadas, ou a súa representación legal, disporán dun prazo de seis meses para retirar a documentación ante a presidenta da comisión.

#### Artigo 12º.-Retribucións.

Para efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, o funcionariado docente que resulte seleccionado percibirá o complemento específico correspondente a director ou directora de centros de formación e recursos, segundo o establecido no anexo VI da Orde do 16 de xaneiro de 2006 (DOG do 23 de xaneiro) pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2006.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

#### *ANEXO I*

Postos de directores ou directoras dos centros de formación e recursos que se ofertan

Centros de formación e recursos	Prazas
A Coruña	1
Ferrol	1
Santiago de Compostela	1
Lugo	1
Ourense	1
Pontevedra	1
Vigo	1

## ANEXO II

## SOLICITUDE

<i>SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO PARA POSTOS DE DIRECTORES DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS</i>			
<i>DATOS DO SOLICITANTE</i>			
<i>APELIDOS:</i>	<i>NOME:</i>	<i>NIF:</i>	
<i>ENDEREZO PARTICULAR:</i>		<i>LOCALIDADE:</i>	
<i>CONCELLO:</i>	<i>PROVINCIA:</i>	<i>CP:</i>	<i>TLF.:</i>

<i>DATOS PROFESIONAIS</i>	
<i>Nº REXISTRO PERSOAL:</i>	<i>CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO:</i>
<i>PERTENCENTE AO CORPO DE:</i>	<i>DATA DE INGRESO NO CORPO:</i>
<i>CÓDIGO DO CENTRO DE TRABALLO (8 DÍXITOS):</i>	
<i>TLF.:</i>	

<i>RELACIÓN DE POSTOS SOLICITADOS</i>		
<i>Risque cun X as prazas solicitadas</i>	<i>Centro de Formación e Recursos</i>	<i>Marque cun 1,2,3 a orde de preferencia</i>
	A Coruña	
	Ferrol	
	Santiago de Compostela	
	Lugo	
	Ourense	
	Pontevedra	
	Vigo	
<i>SOLICITA TOMAR PARTE NO CONCURSO CONVOCADO POLAORDE DO 19 DE XUÑO DE 2006 E DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE SEREN CERTOS TODOS OS DATOS QUE SE INDICAN.</i>		
<i>DATA E SINATURA DO SOLICITANTE:</i>		
<i>En , de de 2006</i>		

DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

## ANEXO III

Baremo

Méritos	Valoración	Máximo	Documentos xustificativos
1. Méritos específicos relacionados co posto ao que aspira.			Fotocopia compulsada das certificacións acreditativas.
1.1. Por cada ano de servizo activo como director/a en centros de formación do profesorado ou en centros públicos de niveis non universitarios, en postos na administración educativa con categoría de xefe de servizo ou nivel equivalente ou superior.	0,50 puntos por curso	2	
1.2. Por cada ano de servizo como xefe/a de estudos, secretario/a, vicedirector/a, administrador/a, vicesecretario/a ou profesor/a de seccións delegadas en centros públicos de niveis non universitarios ou en centros homologados por convenio coas administracións locais.	0,25 puntos por curso	1	
2. Experiencia en actividades de formación permanente do profesorado.			Fotocopia compulsada das certificacións acreditativas.
2.1. Dirección ou coordinación de actividades de formación do profesorado, organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Non se valorarán as actividades realizadas nas estruturas de formación durante o período de desempeño da súa función nelas.	Ata 25 horas: 0,05 De 26 a 50 horas: 0,10 De 51 a 100 horas: 0,15 Máis de 100 horas: 0,20	1,5	
2.2. Participación como relator/a en actividades de formación do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Non se valorarán as actividades realizadas nas estruturas de formación durante o período de desempeño da súa función nelas.	0,01 por hora	1,5	
2.3. Asistencia a actividades de formación do profesorado organizadas polas administracións educativas, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións citadas, así como as organizadas polas universidades.	Ata 25 horas: 0,05 De 26 a 50 horas: 0,10 De 51 a 100 horas: 0,15 Máis de 100 horas: 0,20	1	
2.4. Participación en programas europeos.	0,25 por actividade	0,5	
2.5. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa que sexan convocados ou recoñecidos pola Administración.	0,25 por actividade	2	
2.6. Por cada ano de servizo como asesor ou asesora nas estruturas de formación do profesorado.	0,25 por ano	2	
3. Publicacións de carácter científico, pedagóxico e didáctico relacionadas coa especialidade á que se opta.	Por libro: ata 1 Por artigo: ata 0,50 Por vídeo, casete, CD, disquete e outras similares: ata 0,50	1	Exemplares correspondente con ISBN ou ISSN.
4. Titulacións académicas.			Fotocopias compulsadas dos títulos ou certificacións de estudos.
4.1. Polo título de doutor.	1	1	
4.2. Por cada titulación de grao superior distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa.	0,50	2	
4.3. Por cada titulación de grao medio ou diplomatura distinta á alegada para o acceso ao corpo desde o que participa.	0,25	1	
4.4. Outros estudos de posgrao (cursos do programa de doutoramento, títulos propios das universidades, mestrados, etc.).	0,15	1	
5. Antigüidade.			
5.1. Por cada ano de servizo como funcionario de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes recoñecidos de acordo coa Lei 70/1978 (non se computarán os exixidos como requisito).	0,20	2	
5.2. Pola pertenza ao corpo de catedráticos.	0,20	0,20	
6. Proxecto de traballo como director/a dun centro de formación e recursos e entrevista, se é o caso.	Mínimo exixido: 6 puntos	12	Proxecto (máximo 25 páxinas).

*Orde do 19 de xuño de 2006 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras do Servizo de Formación do Profesorado.*

A Xunta de Galicia a través do Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, establece, no artigo 11, que os órganos competentes en formación permanente do profesorado son o Servizo de Formación do Profesorado e os centros de formación e recursos, sendo competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinar o seu perfil profesional, o procedemento para o acceso á función asesora e o proceso de avaliación do exercicio desta.

Unha vez publicado o decreto anteriormente citado, cómpre proceder a realizar a oferta pública das prazas vacantes no cadro de persoal do Servizo de Formación do Profesorado.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería

#### DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convocar un concurso público para a provisión dos postos de asesorías de formación no Servizo de Formación do Profesorado, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que se detallan no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Participantes e requisitos.

Poderán participar neste concurso os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que